



**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE - SERVIZO GALEGO
DE SAÚDE- E O CONCELLO DE VILA DE CRUCES SOBRE ASUNCIÓN
DOS CUSTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DE VILA DE
CRUCES**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar co Concello de Vila de Cruces o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor tras a súa sinatura e estará vixente ata que se formalice en escritura pública a cesión ao Servizo Galego de Saúde do centro de saúde; sen que en ningún caso o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de cooperación entre o Concello de Vila de Cruces e o Servizo Galego de Saúde para a cesión da propiedade do centro de saúde de Vila de Cruces, do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento do centro de saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

O Servizo Galego de Saúde comprométese á asunción dos gastos de mantemento do centro de saúde a partir do momento en que se proceda á formalización da súa cesión patrimonial, de acordo co previsto neste convenio.





Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Con data 20 de xaneiro de 2006, foi formalizado o Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia.

No dito acordo se recollen unha serie de actuacións entre as que se atopa a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos.

O 29.12.2008, asinouse o *Protocolo entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias sobre asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde*. No dito protocolo se establece o procedemento a seguir para a cesión da propiedade dos centros de saúde ao Servizo Galego de Saúde.

O proceso de asunción será, en calquera caso, voluntario para os concellos e formalizarase a través dos convenios que se asinarán con cada un deles.

Na Acta nº 2 da Comisión Mixta entre a Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) prevista na disposición adicional quinta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, do 27 de xullo de 2016, se recollen 29 centros dos que se acorda iniciar os trámites para a súa cesión ao Servizo Galego de Saúde.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

